



Parlamento das Letras: Manuel Portas

Publicado o [23/10/2013](#)

Por veces téñome preguntado que sería daquel neno que lía Xulio Verne polas rúas de Barcino se, chegado á metade do camiño da súa vida, non tivese decidido que de alí en diante o narrador que levaba dentro tiña de alentar en liberdade.

Ata daquela, deica ese medio século de non retorno, andou mergullado nas xeirás do ensaio sociolingüístico, nas que é un referente, tamén si na organización civil de plataformas a prol da promoción e defensa da lingua de noso e, xaora, na lide do compromiso político nacionalmente identificado.

Se cadra un día Manuel Portas lembrou aquilo que seica dixera Otero Pedrayo, quen argumentaba que non se dedicara á ficción ata cumprir case os corenta anos porque ata entón estivera moi ocupado lendo para logo ser quen de escribir.

Sexa como for, a espera pagou a pena. E de que maneira. No que vai de década Portas aprendeunos a ollar a maxia e o enigma que agochan os seres anónimos, a sentir o pulo da colectividade a ferver epocalmente, a comprender os destinos inconfesos da familia, a canxar as pezas dese inmenso cruzamento de camiños que son as vidas no crisol social e a decatarnos de que a entropía que nos goberna é tan só aparente, que hai unha orde oculta, conspiradora e subversiva que nos interconecta.

As palabras de Portas, densas, bravas, tramadas pola tinta que o habita e vivifica, desfilan por este Parlamento para iluminar rexións avesías e dicir a súa razón, verba que remanece.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Sempre fun unha persoa comprometida coa realidade social do idioma, por iso comecei a escribir sobre temática sociolingüística. De aí naceron unha mancha de artigos e tamén *Língua e sociedade na Galiza* (1990), que tan boa acollida tivo polo país adiante. Con todo, os meus primeiros escritos están relacionados coa *Enciclopedia Gallega*, para a que traballei elaborando entradas relacionadas coa literatura medieval. Toda unha escola de estilo porque pagaban a 17 ptas. por liña. Comprenderase así o porqué do barroquismo e da cantidade inxente de palabras esdrúxulas e adverbios en -mente que introducíamos Pilar Tobar e mais eu, daquela aínda estudantes de filoloxía...

Mais hai uns anos, acabada unha prolongada etapa de dedicación á cousa pública, decidín que os tempos eran chegados e que, para alén de desfrutar lendo literatura, era xa hora de tentar escribir algo. Debo recoñecer que a miña sorpresa foi que facer creación literaria, lonxe do tópico da súa terríbel dureza, era unha actividade máis que gozosa. Quizá pola novidade, ou quizá

porque algo viron na primeira das novelas, *Denso recendo a salgado* (2010), non tiven problema para que, desde Edicións Xerais, Manolo Bragado e Fran Alonso acollesen con agrado a súa publicación. E tamén as que escribín despois. Nin que dicir ten que lles estou profundamente agradecido.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Teño que agradecer o trato que recibiron sempre as miñas novelas. O público lector foi en todo momento moi xeneroso e o boca orella funcionou moi ben. A crítica especializada, pola súa parte, cumpriu o seu cometido orientador e serviu para espertar interese arredor delas. Supoño que de aí veñen as vendas e as reedicións. Quizá, unha obra á que lle teño especial cariño, *Un dedo manchado de tinta*, e poida que pola súa estrutura máis complexa, non o sei, non circulase todo o que eu agardaba. O futuro dirá. En calquera caso, ao gozo de escribir súmase o pracer de que a xente goste do que escribes. Non esquezamos nunca que a literatura non naceu para ser estudada, senón para ser desfrutada. De aí que a opinión das e dos lectores sexa o mellor termómetro para alguén que escriba creación.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Creo que non. Non son nada maniático. No verán escribo descalzo, mais porque o estou sempre que podo, escriba ou non. No inverno, fágoo pegado á cheminea, e non por excentricidade, senón porque un non pode estar atarecado para escribir. Son ave nocturna e gustaría de poder escribir pola noite. Porén, como non son un escritor profesional (quen o pode ser, dirasme ti), aproveito o tempo que me deixan as miñas obrigacións laborais para sentar diante do teclado. Deste xeito, escribir tamén se converte nunha especie de terapia que me isola do mundo que me rodea. É a miña particular pompa de xabón. Actualmente dirixo o centro educativo no que traballo e son ensinante de lingua e literatura, cousa que levo con moito orgullo, porque ademais de abrir os ollos do alumnado á realidade do idioma os docentes tamén espertamos sensibilidades para a literatura. Iso si, fumo. Mea culpa. E cada hora permítome saír fóra da casa para administrarme a dose precisa de nicotina. En inverno fágoo nun lugar intermedio, nunha galería onde teño os meus cactus.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Pregunta difícil. A verdade é que hai xente moi boa escribindo no país e as antoloxías poden ser moi inxustas. Eu tamén podo ser arbitrario e esquecer autores e autoras que o están facendo moi ben. Con sinceridade, a listaxe sería especialmente longa.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Non teño tanta obra nin suficiente traxectoria como para historiografala. Quizá un realismo radical sexa o que máis caracteriza o que escribín até o momento e, polo que din, o carácter cinematográfico das historias.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Uffff. Vexamos. Son un devorador, por iso procuro catar todo o que cae nas miñas mans, en especial o que se está a escribir agora. A quen volvo con frecuencia? A Saramago, a Cunqueiro, ás dúas Margaridas: á Duras e á Yourcenar, a Dieste, a García Márquez, a Dos Passos, a Ferrín, a Quim Monzó, a Bolaño, a Eça de Queirós, a Galdós, a Dickens...

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltales promoción e internacionalización. Se por exemplo encargásemos un estudo de mercado para unha empresa do sector da transformación da madeira, diríanos con toda seguridade que temos unha materia prima magnífica e unha manufacturación moi boa, mais que cumpriría promocionar adecuadamente os móbeis que fabrica no mercado interno e tentar abrir o produto a novos mercados no ámbito internacional. Pois ben, a promoción interna da nosa cultura está sendo esganada, porque a literatura na lingua propia é vista como potencialmente sediciosa, en calquera caso perigosa, polos poderes políticos e económicos. Mellor asfixiala e ocúltala, reducila aos cenáculos galeguistas, ás covas céltigas, ás aulas de lingua e aos discursos pomposos nos Días das Letras. Mesmo prefiren promocionar os aparadores e os dormitorios feitos noutras latitudes, por moito que só teñan calidade fimapán. E, no que respecta á procura de mercados externos, seguimos considerando os países de expresión portuguesa —parafraseando a Castelao— como *máis estranxeiros que os de Madrid*. Por outro lado, a política de tradución das nosas obras carece de apoios e convértese en algo excepcional, sen canles estábeis que permitan a súa perduración no tempo. Con este panorama, o sector cultural en xeral, e o da literatura en particular, mantense en pé cunha teimosía propia dos resistentes do Medulio, ou da aldea gala de Asterix e Obelix, se o queremos ver cun pouco máis de humor.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Outra pregunta difícil. Hai tantas cousas por escribir!!! Quizá, como fillo de emigrante que son, gustaría de escribir a grande novela da diáspora galega.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Creo que o momento creativo é magnífico, multicolor, cunha polifonía de xéneros e de voces e cunha calidade similar á que podemos achar en calquera dos mundos culturais da nosa contorna. Niso non somos nin mellores nin peores que os demais. Na parte negativa, quizá a delicada situación económica pola que atravesan as estruturas que traballan o produto literario.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Nada máis. Só agradecerche que me brindases esta xanela aberta pola que pasamos todos para nos informar. E moitos parabéns polo teu labor.